



PROXECTO CURRICULAR XERAL DO IES CELANOVA

INTRODUCCIÓN

ESTRUCTURA DO PROXECTO

Este documento quere ser, nunha primeira fase, unha especie de PROXECTO CURRICULAR XERAL, directamente relacionado co PEC e que sirva de base os posteriores proxectos curriculares de etapa, ciclo, curso e aula”. Polo tanto, xa que se trata dun documento base, contemplamos aqueles aspectos xerais que inflúen directamente nos proxectos curriculares concretos, sempre en relación directa coas formas de organización contidas no proxecto educativo:

1. FACTORES ORGANIZATIVOS QUE INFLÚEN NA METODOLOXÍA: criterios de agrupamento de alumnos, oferta de optativas e itinerarios, e organización práctica das medidas de atención á diversidade. Pensamos que os aspectos relativos ás titorías teñen mellor lugar no Proxecto Educativo e no Regulamento de Réxime interior, mentres que as cuestións de espazo e tempo están máis relacionadas co uso racional dos recursos didácticos.
2. Criterios sobre a decisión a adoptar no relativo a MATERIAIS CURRICULARES e uso racional dos RECURSOS DIDÁCTICOS dispoñibles, incluídas indicacións sobre a distribución de tempos e espazos.

3. PRINCIPIOS XENÉRICOS DA METODOLOXÍA DIDÁCTICA a utilizar no IES Celanova. Neste punto engadimos unha serie de recomendacións prácticas a pais, alumnos e profesores para mellorar o rendemento nas aulas.
4. PROCEDEMENTOS E CRITERIOS XERAIS DE AVALIACIÓN E PROMOCIÓN, así como formas de transmitir esa información.
5. Directrices xerais do PLAN DE ACCIÓN TITORIAL e do PLANO DE ORIENTACIÓN ACADÉMICA E PROFESIONAL.

Por outra banda, temos en conta que:

- § O apartado relativo a criterios básicos de DISTRIBUCIÓN E SECUENCIACIÓN DE CONTIDOS en cada ciclo ou especialidade, incluíndo orientacións para o tratamento dos temas transversais, será tratado de forma específica nas programacións didácticas de cada departamento.
- § A planificación das ACTIVIDADES EXTRAESCOLARES forma parte do PEC ou queda incluída no punto 2 deste PCC.
- § A parte relativa a avaliación e revisión da práctica docente dos profesores sexa obxecto dun futuro grupo de traballo.

1. FACTORES ORGANIZATIVOS QUE INFLUEN NA METODOLOXÍA

PCC: CRITERIOS XERAIS SOBRE METODOLOXÍA

COMO ENSINAR

Corresponde ó PCC a determinación da metodoloxía didáctica xeral e o establecemento de criterios sobre os materiais curriculares e os recursos didácticos a utilizar.

A) CRITERIOS BÁSICOS DE ORGANIZACIÓN DO CENTRO

AGRUPAMENTO

DIVERSIDADE

OPCIONALIDADE

B) MATERIAIS CURRICULARES E RECURSOS DIDÁCTICOS.
TEMPO e ESPACIO

C) PRINCIPIOS XENÉRICOS DA METODOLOXÍA DIDÁCTICA.

PCC: CRITERIOS XERAIS SOBRE METODOLOXÍA

A) CRITERIOS BÁSICOS DE ORGANIZACIÓN DO CENTRO

AGRUPAMENTO: FORMACIÓN DE GRUPOS / CLASE

As formas de agrupamento de alumnos **están condicionadas** por varios factores: espacio dispoñible, tamaño das aulas, itinerarios de optativas, idioma, relixión ou actividades de estudo e organización do tempo. Por outra banda, **condicionan** o rendemento do grupo, o cumprimento das normas, a relación entre alumnos e profesores e a metodoloxía concreta de cada área ou asignatura. Tendo en conta todo isto e considerando as diferencias entre os varios tipos de estudos que oferta o IES CELANOVA, algunhas propostas poderían ser:

XEFATURA DE ESTUDIOS

1. En xeral, agrupar os alumnos por grupos coa maior obxectividade posible (orde alfabética, orde de matrícula no caso da ESO ou dos ciclos...), sen perxuício das medidas de atención á diversidade que se adopten.
2. Contemplan, no caso de cursos con gran flexibilidade na elección de optativas (4º de ESO, bacharelatos) a posibilidade de ofertar grupos pechados delas, co criterio práctico que decida a Comisión Pedagóxica. Esta oferta debe ser coñecida polos alumnos e os seus pais no momento de realizar a matrícula.
3. Ter en conta a existencia de alumnos de ACI ou reforzo, de forma que queden repartidos uniformemente entre os distintos grupos de cada curso. Neste mesmo ámbito, integrar os alumnos de 3º e 4º do Programa de Diversificación Curricular en diferentes grupos de referencia no que toca as materias comúns do currículo, aínda que, logo da experiencia destes últimos cursos, somos partidarios de que formen un grupo independente sempre que o número de alumnos o permita.
4. Dentro das *ratios* legais, procurar que os cursos da ESO teñan o menor número posible de alumnos nas materias comúns.
5. Valorar, co criterio que establezan a Comisión Pedagóxica e os Departamentos Didácticos implicados, a posibilidade de agrupamentos de varios cursos para o uso de espazos concretos: talleres, polideportivo, aulas polivalentes (informática, plástica, laboratorios ...).
6. Procurar, logo da aplicación dos criterios anteriores, que cada grupo estea formado por un número similar de homes e mulleres, para evitar desequilibrios e uniformar, na medida do posible, o clima relacional de cada grupo.

PCC: CRITERIOS XERAIS SOBRE METODOLOXÍA

A) CRITERIOS BÁSICOS DE ORGANIZACIÓN DO CENTRO

TRATAMENTO DA DIVERSIDADE: AGRUPAMENTOS, TEMPOS E RECURSOS

Se ben o esquema xeral de tratamento da diversidade na ESO é un tema propio de Proxecto Educativo, debemos recoller aquí aquelas medidas organizativas que inflúen na metodoloxía e que están moi relacionadas coas formas de agrupamento dos alumnos:

- a. No chamado REFORZO ORDINARIO, impartido polo profesor de aula, é necesario que o reparto de alumnos nos diferentes grupos dun mesmo nivel sexa proporcional.
- b. Nos DESDOBRAMENTOS ESPECÍFICOS no primeiro ciclo (dos que se faría un grupo reducido por aula), entendidos como reforzo significativo, caben varias posibilidades:
 - § que, en cada grupo, sexan impartidos polo mesmo profesor de área, co que se deberían alternar LIN/MAT e viceversa ou habilitar un espacio horario nos tardes de actividades extraescolares
 - § que sexan impartidos por distinto profesor (logo LIN/LIN e MAT/MAT) con especial atención á coordinación entre eles e coa colaboración do Departamento de Orientación.
- c. Os alumnos de ACI serán atendidos polos profesores de Pedagogía terapéutica durante o maior número de horas posibles cando así se considere necesario. Salirán da aula ordinaria aproveitando, sempre que sexa posible, o horario das materias nas que teñan adaptación curricular, e sempre en grupos de non máis de tres alumnos do mesmo nivel e necesidades.
- d. No que se refire ós programas de Diversificación curricular, o PEC contempla a súa estrutura e xustifica a súa aplicación.

PCC: CRITERIOS XERAIS SOBRE METODOLOXÍA
A) CRITERIOS BÁSICOS DE ORGANIZACIÓN DO CENTRO
OPTATIVIDADE

O IES CELANOVA quere ofertar ós seus alumnos a maior gama posible de materias optativas, pero debemos ter en conta as limitacións reais (número de grupos, disponibilidad de profesorado e espacio,...) e unha certa lóxica na elección. Por isto, poderíamos recomendar algúns dos seguintes criterios:

PRIMEIRO CICLO DA ESO: fomentar o segundo idioma (francés en case todos os casos). Os obradoiros de Matemáticas e de Expresión Oral, por outra banda, non deben entenderse como aulas de reforzo para alumnos con dificultades.

SEGUNDO CICLO DA ESO: tendo en conta as normas existentes sobre elección de asignaturas optativas, a variada oferta do Centro na actualidade (todas as de catálogo), e a orientación dos alumnos hacia estudos posteriores:

- I. A combinación CMS-IE-IM orientada a bacharelatos científico e tecnolóxico ou a ciclos deste tipo.
- II. A combinación CCLAS-TEE-FR para futuros estudos de tipo humanístico
- III. INF como asignatura comodín, xa que se imparte un só nivel. Esta será, coa necesaria modificación do currículo, a asignatura específica de 3º PDC.

- IV. **No caso de 4º de ESO**, pensando nos bacharelatos: TEC-FQ para o tecnolóxico e BIO-FQ para o científico; no actual planeamento deste curso, sen embargo, botamos en falta optativas da área de humanidades. As asignaturas de EPV e MUS facilitan, por outra banda, unha maior posibilidade de elección nos bacharelatos.

No relativo a organización, parece lóxico:

1. Non ofertar, como norma xeral, FR de 4º a alumnos que non o teñan cursado en 3º.
2. Incompatibilizar, **no caso de 4º de ESO**, a matrícula simultánea en CCLAS-IE, CCLAS-IM, TEE-IE, TEE-IM.
3. **No caso de 4º PDC** organizado como grupo independente, impartir unha soa optativa (a maioritaria según a elección dos alumnos)

Anotamos, ademais, algunhas opcións organizativas sobre determinadas materias:

- A. A asignatura de TEE, a efectos da lingua na que será impartida, pertencerá un curso ó Departamento de Lingua Galega e outro ó de Lingua Española.
- B. A área de Ciencias Naturais de 3º de ESO terá unha estrutura cuatrimestral, a repartir entre os Departamentos de Bioloxía e de Física/Química.

Desde a redacción do Proxecto Curricular ata o curso 2004/2005 teñen cambiado significativamente estas condicións. En concreto,

- § Por acordo da CCP as materias optativas de 3º e 4º da ESO teñen outro reparto, reflectido nos documentos de matrícula do PEC.*
- § A normativa actual contempla outra distribución de Bioloxía e Física/Química en 3º da ESO.*
- § A optatividade aumenta de forma progresiva na elección da 1ª lingua estranxeira*

BACHARELATOS: o IES CELANOVA conta coas modalidades de bacharelato científico, tecnolóxico e de humanidades, e oferta, sempre que haxa matrícula suficiente, todos os itinerarios e asignaturas optativas de cada un. Pretendemos con isto garantir a maior oferta posible para o noso alumnado. En todo caso a CCP determinará, cada curso, as combinacións de materias para o ano seguinte.

CICLOS FORMATIVOS: a oferta actual de formación profesional no IES Celanova herda, como é lóxico, as especialidades e ramas da FP que agora se extingue. Contamos con:

- A. CICLOS FORMATIVOS de grao medio: Xestión Administrativa e Mantemento de Instalacións.
- B. CICLO FORMATIVO de grao superior: Administración e Finanzas.

No futuro, o catálogo de ciclos formativos deberá ser revisado en función das necesidades productivas da comarca e das demandas dos propios alumnos.

O ciclo medio de Mantemento de Instalacións ten sido substituído polo ciclo medio de Equipos e Instalacións Electrotécnicas.

2. TEMPO, ESPACIO E USO DE RECURSO DIDÁCTICOS.

É imposible aplicar uns criterios metodolóxicos amplos e coherentes se non se conta, como base, cunha boa organización, especialmente nun centro da complexidade do noso. Neste sentido, facemos unhas indicacións e suxerencias.

PCC: CRITERIOS XERAIS SOBRE METODOLOXÍA

B) RECURSOS, ESPACIOS E TEMPOS

- A. Tendo en conta o espacio real co que contamos, en tres plantas relativamente independentes, propónse distribuír ós alumnos por ciclos, evitando dispersalos e favorecendo o seu control e seguridade. Para facilitar a organización, haberá polo menos un aula de desdoblamento por planta e equipos audiovisuais portátiles.
- B. Pode habilitarse, cando o número de alumnos o permita, un aula multiusos que complete as funcións do salón de actos. Este, se non hai actividades extraescolares programadas, cumprirá as funcións de aula de audiovisuais, convenientemente dotada e organizada.
- C. A Biblioteca será atendida por profesores de garda e organizada por aqueles outros que presten a súa colaboración e dispoñan de horario (Departamentos de Clásicas, Física e Química...) Para ser usada como aula necesitará da presenza do profesor do grupo. Procurarase fomentar o seu uso nos tempos de lecer, tendo profesores de garda que atendan ós alumnos.

- D. Os materias e recursos que poidan ser utilizados por varios departamentos estarán colocados nun espacio común, coñecido por todos e de fácil acceso.
- E. As aulas específicas (Informática, Plástica, Talleres, Musica...) deben ter un regulamento específico para o seu uso, do que se encargarán os Xefes dos respectivos departamentos.
- F. En canto á distribución dos tempos, serán os Departamentos os que indiquen, antes da confección dos horarios, os criterios a seguir no relativo a continuidade ou alternancia de sesións, organización de actividades didácticas ou complementarias...

3. METODOLOXÍA

PCC: CRITERIOS XERAIS SOBRE METODOLOXÍA

C) PRINCIPIOS METODOLÓXICOS DE CARÁCTER XERAL.

1. Falar de metodoloxía é o mesmo que falar de formas de ensinar, que deben estar sustentadas nunha TEORÍA DA APRENDIZAXE. A teoría constructivista, un dos fundamentos teóricos da LOXSE, pode resumirse decindo que “a aprendizaxe é unha construción persoal que realiza cada alumno gracias á axuda que recibe doutras persoas”. Para que a aprendizaxe poda realizarse (construírse) , é dicir, para que o alumno poida modificar e actualizar os seus esquemas de coñecemento, o novo contido ten que ter un sentido para el (aprendizaxe “significativa”, contrario da mecánica e memorística). Isto supón que calquera secuencia didáctica debería ter en conta:

- a. Empezar sempre por actividades que fomenten unha actitude favorable por parte do alumno, que sexan motivadoras en relación coa aprendizaxe de novos contidos.
- b. Determinar os coñecementos previos que teñen os alumnos en relación coa nova aprendizaxe.
- c. Presentar os contidos dunha forma organizada e clara e adecualos ás capacidades do alumno.

Dunha forma xenérica, este primeiro principio podería formularse da seguinte maneira:

TER EN CONTA, Á HORA DE DESEÑAR SECUENCIAS DE ENSINO / APRENDIZAXE, A TEORÍA CONSTRUCTIVISTA DA APRENDIZAXE E PROMOVER UNHA APRENDIZAXE “SIGNIFICATIVA” (QUE NON TEN POR QUE SER IGUAL A “APRENDIZAXE POR DESCUBRIMENTO”)

¿Supón isto desterrar o modelo tradicional baseado nunha ensinanza explicativa? Non; parece que tanto a aprendizaxe por recepción, baseada nunha ensinanza explicativa, como a aprendizaxe por descubrimento, baseada nunha conducta exploratoria por parte do alumno, poden ser significativas.

2. Hai que ter en conta que na ESO a ensinanza non ten unha función basicamente propedéutica e selectiva, senón que o obxectivo perseguido é a FORMACIÓN INTEGRAL DO ALUMNO. Isto ten como consecuencia que o obxectivo prioritario debe ser DESENVOLVER CAPACIDADES. Este segundo principio pode formularse así:

PRESTAR ATENCIÓN PRIORITARIA, NA ESO, ÁS APRENDIZAXES DE TIPO PROCEDIMENTAL, ESPECIALMENTE A ASPECTOS DE COMPRENSIÓN / EXPRESIÓN.

3. Aínda que cada disciplina ten a súa propia didáctica, sempre hai que ensinar:
- a. FEITOS, mediante actividades repetitivas que faciliten a memorización.
 - b. CONCEPTOS, con actividades que faciliten a comprensión por parte do alumno.
 - c. PROCEDEMENTOS, mediante actividades e reflexión sobre as mesmas: a falar apréndese falando; a escribir, escribindo.
 - d. ACTITUDES E VALORES, comenzando por sensibilizar ó alumno sobre as normas existentes no Centro e na aula.

SER CONSCIENTES DOS DIFERENTES TIPOS DE CONTIDOS Á HORA DE DESEÑAR SECUENCIAS DE ENSINO / APRENDIZAXE, XA QUE CADA TIPO DE CONTIDO TEN A SÚA METODOLOXÍA.

4. Se cada alumno aprende segun as súas características persoais, e a LOXSE promove unha aprendizaxe comprensiva e non selectiva,

ATENCIÓN Á DIVERSIDADE, SELECCIONANDO CONCEPTOS, PROCEDEMENTOS E ACTITUDES (CON CRITERIOS PRÁCTICOS COMÚNS) ADECUADOS Ó DESENVOLVEMENTO E FORMACIÓN DE CADA ALUMNO.

5. Outro principio a ter en conta ten que ver coa idea xa sinalada da teoría constructivista: o alumno non só aprende do profesor. Por isto:

APROVEITAR AS RELACIÓN INTERACTIVAS QUE SE DAN NA AULA.

6. Por último, un dos factores que hai que ter en conta á hora de decidir unha opción metodolóxica é O TIPO DE AVALIACIÓN QUE SE FAGA DO PROCESO DE ENSINO / APRENDIZAXE. A LOXSE, ó fixar como obxectivo o desenvolvemento de todas as capacidades do alumno, e non só das cognitivas, desterra a idea de avaliación sobre uns obxectivos mínimos iguais para todos. Isto supón que a forma de ensinar ten que ter en conta o punto inicial do que parte cada alumno (avaliación inicial), como aprende (avaliación formativa) e os resultados obtidos (avaliación final ou sumativa). Por outro lado, hai que avaliar tamén a propia práctica educativa co obxectivo de melloralala para que todos os alumnos logren o maior grado de competencia segundo as súas posibilidades reais.

A METODOLOXÍA, E NON SÓ OS CONTIDOS E OBXECTIVOS, DEBE ESTAR SEMPRE SUXEITA A REVISIÓN

4. AVALIACIÓN E PROMOCIÓN

Esta parte do Proxecto Curricular, pola súa importancia práctica, quedou completamente elaborada, aprobada pola Comisión de Coordinación Pedagóxica e o Claustro, e está sendo xa aplicada no fin de curso 99 / 00. A continuación inclúense os seguintes documentos:

- I. PROCEDEMENTOS E CRITERIOS PARA A AVALIACIÓN NA ESO.
- II. CAPACIDADES CONSIDERADAS BÁSICAS POLO CENTRO.
- III. GUIÓN PARA AS SESIÓNS DE AVALIACIÓN.
- IV. PROCEDEMENTOS E CRITERIOS PARA A PROMOCIÓN NA ESO.

§ *Desde a redacción do proxecto curricular teñen cambiado moitos aspectos legais sobre promoción e titulación, incluída a propia Lei Orgánica básica.*

§ *A participación do Centro no Plan de Mellora continua, por outra banda, tamén implicou varias modificacións neste aspecto, así como noutros temas organizativos.*

PCC: PROCEDIMENTOS E CRITERIOS PARA A AVALIACIÓN NA ESO

CONSIDERACIÓNS PREVIAS	1. A ESO é unha etapa de escolarización obrigatoria 2. O currículo ten un carácter aberto e flexible 3. A avaliación será continua e integradora	
PROCESO DE AVALIACIÓN	AVALIACIÓN INICIAL para coñecer a situación inicial do alumnado	
	SESIÓNS DE AVALIACIÓN: TRES, coincidindo á terceira coa final. PREAVALIACIÓNS: as sesións necesarias a xuício do equipo docente.	
	GUIÓN PARA A SESIÓN DE AVALIACIÓN	
CRITERIOS DE AVALIACIÓN <i>VER DOCUMENTO CCP SOBRE CRITERIOS DE AVALIACIÓN DOS ERROS DE EXPRESIÓN</i>	As cualificacións basearanse nunha valoración conxunta dos seguintes puntos: § Conceptos § Procedementos § Actitudes § Expresión oral, escrita e gráfica. Os alumnado deben coñecer estes criterios. O traballo coa expresión (oral e escrita) implicará un labor de corrección permanente na aula e en todas as áreas e materias.	
RESULTADOS <i>VER ÚLTIMA NORMATIVA SOBRE AVALIACIÓN, PROMOCIÓN E TITULACIÓN NA ESO COMO CONSECUENCIA DO DISPOSTO NO RD 1318/2004 (ORDE 30 SETEMBRO 2004, DOG 22 DE OUTUBRO)</i>	A) O ALUMNO PROGRESA	
	B) O ALUMNO NON PROGRESA . Establecerase algunha das seguintes medidas (Orde 6 de outubro de 1995, DOG 7 de novembro):	
	a) REFORZO	b) ADAPTACIÓN CURRICULAR
	V. Medida VI. Elaborado polo VII. O profesor,	I. Modificación dun ou máis elementos II. Autorización da Inspección educativa. III. DURACIÓN: 1º ciclo ou 1º curso do 2º ciclo. IV. RESPONSABLE: O profesor, coa V. A avaliación farase en función dos criterios PONDENTE. VI. Ó finalizar o curso o titor e o profesorado de as liñas xerais da mesma.
Cando un alumno permaneza un ano máis nun ciclo ou curso deberá contar con algunha destas medidas.		

PCC:CAPACIDADES CONSIDERADAS BÁSICAS POLO CENTRO	
Criterios-guía para discutir a promoción ou a proposta de titulación de alumnos no caso de dúas ou tres áreas ou materias avaliadas negativamente:	Valoración de cada criterio do 0 ó 10. Unha puntuación inferior a 2 invalidaría a media e determinaría que o alumno non promocióne.
COMPORTAMIENTO , entendido como integración no grupo e no Centro.	
INTERESE POLO TRABAJO : participación positiva na clase, coidado do material, elaboración de traballos, realización das tarefas...	
ASISTENCIA A CLASE.	
PROGRESO NA EXPRESIÓN (oral, escrita, gráfica, musical...) dende o nivel inicial.	
PROGRESO NA CAPACIDADE DE RAZOAMENTO.	
EXPECTATIVAS DE FUTURO , tanto as relacionadas co rendemento académico (posibilidade de completar estudos) como as derivadas da situación familiar e social (negocios, traballo, posibles ocupacións fóra da escola...)	

PCC: PROCEDIMENTOS E CRITERIOS PARA A AVALIACIÓN NA ESO GUIÓN PARA AS SESIÓNS DE AVALIACIÓN

A. AVALIACIÓN DO GRUPO

- Estudio dos RESULTADOS GLOBAIS.
- FEITOS que, a xuízo do titor, inflúen no rendemento do grupo.
- Valoración de ACTITUDES, ESPÍRITO DE TRABAJO, CONVIVENCIA E RELACIÓN ALUMNADO - PROFESORADO
- Posibles ACTUACIÓNs de cara a mellorar o rendemento do grupo.

B. AVALIACIÓN INDIVIDUALIZADA

1. **ALUMNOS CON MAIOR NÚMERO DE SUSPENSOS**
POSIBLES CAUSAS DO SEU BAIXO RENDEMENTO (problemas persoais familiares, falla de motivación, esforzo, preparación deficiente, método de traballo,...) E FORMAS DE AXUDA.
2. **ALUMNOS DE REFORZO OU ACI.**
VALORACIÓN DOS PROGRESOS E POSIBLES CAMBIOS.
3. **ALUMNOS REPETIDORES no caso de 2º ou 3º de ESO,** tendo en conta que promocionan automaticamente

C. INICIATIVAS A REALIZAR POLO TUTOR, O DEPARTAMENTO DE ORIENTACIÓN OU A XEFATURA DE ESTUDIOS

PCC: PROCEDIMENTOS E CRITERIOS PARA A PROMOCIÓN NA ESO

CONSIDERACIÓNS PREVIAS	<p>A avaliación será realizada polo equipo de profesores do grupo, coordinados polo titor.</p> <p>As decisións débense tomar de xeito colexiado. O resultado é vinculante. Non é posible a abstención.</p> <p>Deben ser escoitados o Departamento de orientación e o profesorado de reforzo e adaptación curricular, se é o caso.</p>	
TOMA DE DECISIÓNS	FIN DO 1º CICLO, 3º E 4º.	
<p>CRITERIOS XERAIS DE PROMOCIÓN E TITULACIÓN</p> <p>(por número de materias avaliadas negativamente)</p> <p><i>VER ÚLTIMA NORMATIVA SOBRE AVALIACIÓN, PROMOCIÓN E TITULACIÓN NA ESO COMO CONSECUENCIA DO DISPOSTO NO RD 1318/2004 (ORDE 30 SETEMBRO 2004, DOG 22 DE OUTUBRO)</i></p>	0	Promociona
	1-2	<p>Debátese a procedencia da promoción.</p> <p>Como norma xeral, promociona se acada cualificación satisfactoria nas capacidades consideradas básicas polo Centro.</p> <p>Promociona co 70% dos votos favorables.</p>
	3	<p>Como norma xeral, non promociona.</p> <p>Promociona acada cualificación satisfactoria nas capacidades consideradas básicas polo Centro.</p> <p>Promociona co 70% dos votos favorables.</p>
	4 ou máis	<p>Como norma xeral, non promociona.</p> <p>Para a promoción é necesaria a opinión favorable do 75% do equipo docente.</p>

Ademais da información proporcionada polos titores da cada grupo nas visitas trimestrais das familias, os documentos e informes usados para transmitirle a información das avaliacións son:

- A. BOLETÍNS DE CUALIFICACIÓNS según o modelo unificado do novo programa de xestión de Centros (XADE), que inclúen un modelo de INFORME INDIVIDUALIZADO. Non se inclúen nesta memoria por ser documentos estandarizados.
- B. CONSELLOS ORIENTADORES para distintas situacións: alumnos que acadan a titulación, alumnos que abandonan o sistema por superar a idade ou por outros motivos, e alumnos que saen do Programa de Diversificación Curricular.
- C. INFORMES INDIVIDUALIZADOS DE PDCs para alumnos que se incorporan ó Programa de Diversificación Curricular.

CONSELLO ORIENTADOR
PARA ALUMNOS QUE ACADAN A TITULACIÓN
EN EDUCACIÓN SECUNDARIA OBRIGATORIA

CONSELLO ORIENTADOR
PARA ALUMNOS QUE NON ACADAN A TITULACIÓN
EN EDUCACIÓN SECUNDARIA OBRIGATORIA

CONSELLO ORIENTADOR
PARA ALUMNOS QUE ABANDONAN O
PROGRAMA DE DIVERSIFICACIÓN CURRICULAR

INFORME INDIVIDUALIZADO
PARA ALUMNOS QUE SE INCORPORAN
A UN PROGRAMA DE DIVERSIFICACIÓN CURRICULAR

5. DIRECTRICES XERAIS SOBRE OS PLANOS DE ACCIÓN TITORIAL E DE ORIENTACIÓN VOCACIONAL.

Ambos, postos en marcha dunha forma práctica xa no curso 99 / 00, están xa rematados. Dunha forma moi resumida, presentan os seguintes OBXECTIVOS:

PLANO DE ACCIÓN TITORIAL

a) IMPULSAR O DESENVOLVEMENTO PSICOSOCIAL DOS ALUMNOS NO CENTRO:

- a. Facilitar a súa integración na etapa e grupo/clase.
- b. Desenvolver niveis adecuados de autoconcepto e autoestima.
- c. Desenvolver a súa madurez vocacional, sendo asesorado na toma de decisións na elección de optativas e saídas ó remate da ESO.
- d. Impulsar a participación dos alumnos nas actividades extraescolares e na vida do Centro.

b) OPTIMIZAR OS PROCESOS DE ENSINO / APRENDIZAXE:

- a. Detectar dificultades en aprendizaxes instrumentais.
- b. Dar respostas educativas adecuadas ás dificultades que se observen no grupo ou individualmente.
- c. Coordinar os procesos de avaliación e promoción.
- d. Facilitar a reflexión dos alumnos sobre os seus propios procesos de aprendizaxe.

c) COORDENAR A ACCIÓN EDUCATIVA DOS EQUIPOS DOCENTES:

- a. Coordinar o proceso de avaliación dos diferentes profesores.
- b. Coordinar o axuste das programacións coas necesidades educativas de cada alumno e grupo.
- c. Asesorar e coordinar a avaliación e promoción interciclo e intercurso.

d) ORIENTAR ÓS PAIS NA SÚA TAREFA EDUCATIVA:

- a. Fomentar a participación das familias nas actividades do Centro.
- b. Proporcionar información significativa sobre a marcha dos seus fillos.
- c. Asesoralos nos conflitos ou situacións problemáticas que poidan xurdir.
- d. Pedir a súa colaboración nas actividades de reforzo e apoio.

PLANO DE ORIENTACIÓN VOCACIONAL

A) Axudar a reflexionar ó alumno sobre o seu futuro vocacional e profesional para:

- 1. Adquirir un mellor coñecemento de si mesmos.
- 2. Poñelo en contacto coa realidade en canto a opcións, estudos e profesións.
- 3. Realizar unha toma de decisións o máis acorde posible coas súas características persoais, familiares e socioeconómicas.

- B) brindar ó alumno un servicio de asesoramento permanente que lle axude na toma de decisións.
- C) Seleccionar e valorar a información que teña relación coas decisións vocacionais a tomar.
- D) Preparar ó alumno e darlle recursos para que sexa capaz de afrontar o constante cambio do mundo sociolaboral.